



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf.: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA DEZASETE DE SETEMBRO DE 2015

SRES. ASISTENTES:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA

Dª. Rocío López García.

SRES. CONCELLEIROS.

D. Manuel Arango Ron

D. Carlos Rivas Rivas

Dª. Mª.Mercedes Dengra Sixto.

D. Francisco Dasilva Rivas.

D. Miguel Castrillón Fernández.

Dª. Mª Emma Álvarez Chao.

D. Fc. Javier Rodríguez Barrera.

Dª Josefa Rodríguez Lorenzo.

D. Pablo Maseda Fernández.

D. Angel Fernández Villalba.

Secretaria accidental

Dª. Carmen López González

=====

No Salón de Actos da Casa Consistorial de Lourenzá, sendo as VINTE HORAS E CINCUENTA MINUTOS (20,50) do día DEZASETE DE SETEMBRO do 2015, reúnense os señores concelleiros electos numerados ó marxe, e actuando como Secretaria e dando fe do acto, Dª Carmen López González, ó obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia pasouse ao exame e deliberación dos asuntos comprendidos na Orde do Día, adoptándose o acordo que seguidamente se relaciona:

1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 27/08/2015.

Preguntados os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, a sesión extraordinaria de data 27/08/15, por parte do Sr. Fernández Villalba sinala que no punto 18 da referida acta cando el preguntou cales eras as medidas concretas para abaratar os costos das que falaba o partido solicalista no punto quinto da moción que se ían a ser medidas a longo ou corto prazo, o Sr. Arango non respostou as preguntas pedindo o Sr. Fernández Villalba o Sr. Arango que se tranquilizara.

Finalmente o borrador da acta coa modificación indicada, foi aprobado por unanimidade dos presentes.

Toma a palabra o Sr. Arango dicindo que quere pedirlle disculpas á Sra. Alvarez e ós demais membros da Corporación Municipal pola saída de tono no último Pleno, pedindo a retirada do térmico "maleducada" que non é propio del e que respondeu a un impulso incontrolado ante uns comentarios pouco afortunados da Sra. Alvarez.

2º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A DATA DE 25/08/15 ATA O 11/09/15.

A continuación deuse conta das Resoluciós da Alcaldía dende o día 25/08/15 ata o día 11/09/2015 quedando o Pleno ao tanto do contido de todas elas.

3º.-EXAME E APROBACION, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

Neste punto deuse conta da Proposta do Grupo Municipal Socialista do Concello de Lourenzá da aprobación do Regulamento de Participación Cidadá.

Toma a palabra o Sr. Arango dicindo en primeiro lugar que hai un erro material no artigo 23 donde di "asamblea provincial" debe dicir "asamblea veciñal", continua con que era unha das promesas electorais do seu grupo, elaborar un Regulamento de Participación Cidadá e para iso se creou a Concellería de Participación Cidadá, que existe un regulamento-tipo elaborado pola FEMP, aprobado en 2005, polo tanto non é unha novidade e está funcionando en moitos concellos, aquí chega un pouco tarde e que a propia FEMP indica que o seu texto debe verse como unha orientación, para que cada Concello o adapte á sua realidade.

Neste momento incorpórarse á sesión a Sra. Alvarez Chao.

Na elaboración deste Regulamento, tiveron en conta esta documentación base e outros aprobados noutros concellos, adecuándose ás necesidades deste Concello. Divídese en catro partes, pasando a nominar as mesmas cos seus epígrafes.

Toma a palabra o Sr. Fernández Villalba dicindo que os cidadáns xa teñen os dereitos que está recollidos no Regulamento que supón unha duplicidade, pregunta en relación co artigo 6.a que a que solicitudes se refire, contestando o Sr. Arango que xa saben os funcionarios.

Continúa o Sr. Fernández Villalba que en relación co artigo 14 que lle parece excesivo pedir os orzamentos do ano en curso e memoria das acitividades e que en conclusión que non era para tratar nun Pleno senón sentarse entre todos.

Toma a palabra a Sra. Alvarez Chao, pedindo disculpas polo retrato e dando a gracias por estar esperando para dar comienzo á sesión e gracias ó Sr. Arango polas disculpas mostradas ó principio da sesión.

Pregunta se non se aceptan as enmendas presentadas dicíndolle a Sra. Alcaldesa que tiña que telas presentadas antes do comienzo do debate deste punto.

A Sra. Alvarez Chao di que estamos ante un regulamento que pode ser un instrumento útil para a cidadanía, sempre que potencie a transparencia da información e das decisións e abra unha canle á cidadanía para trasladar as súas opinións e propostas, que lles parece que o texto presentado é insuficiente e dende o seu grupo propoñen que sexa revisado a fin de dar máis participación á sociedade e se potencien os medios de comunicación social, para lograr que esta coñeza e participe na vida democrática do Concello, continúa dicindo que tamén necesita ser revisada a pretensión do grupo de goberno que, o seu xuizo, busca exercer un control excesivo sobre o tecido asociativo do concello, podendo en algún caso ata vulnerar un derecho constitucional como é a igualdade de oportunidades, e que o feito de crear novas ferramentas de asesoramento veciñal, tal e como están deseñadas, lonxe de ser un feito plural e representativo, semella relevar as asociacións de veciños existentes a día de hoxe a un segundo plano. Dende o seu grupo creen que non é cuestión de crear entes paralelos, senón de integrar a representación veciñal existente.

Continúa dicindo que pola importancia e relevancia do regulamento que están a debater, non estaría demáis habelo tratado antes nunha comisión informativa ou nunha xunta de portavoces a fin de acercar posturas, incluso dándolle audiencia as



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



asociacións. Este regulamento ten o calado suficiente para ser un decreto da corporación, non do alcalde de turno que responde a intereses partidistas e tendo en conta o escaso tempo que tiveron os grupos da oposición para estudiar a proposta e poñendo de antemán o feito de que igual se lles escapan pequenos detalles o seu grupo suxire que se aprace a unha sesión posterior e que se trate de chegar a consenso antes de levala a Pleno.

O Sr. Fernández Ferández Villalba pregunta que si queren réplica ¿non poden? ó que lle respostan que van a ser escoitados e a maioría decidirá.

Toma a palabra Sr. Arango dicindo que con respecto a mais participación da cidadanía nos Pleno, eles van darrle voz por primeira vez aos veciños de Lourenzá nos Pleno, que hai uns meses, concretamente o 22 de maio criticaba a Sra. Alvarez a súa proposta electoral de modificar o horario dos Plenos e de fomentar a participación dos veciños nos mesmos comentando que "os candidatos socialistas sabían que os veciños nos Plenos non teñen uso da palabra en Lourenzá, nin en Vigo nin en Barcelona, que as normas non se poñen en Lourenzá, para eso hai unha Lei de Régime Local a nivel estatal", e pregúntalle á Sra. Alvarez si cambiou o Sr. Rajoy a Lei de Régime Local a escondidas dos cidadáns, que cambia muy facilmente de opinión.

En canto a más participación dos medios de comunicación social, comenza o Sr. Arango que os mesmos poden asistir aos Pleno para informarse, pero de todas maneiras, sempre a teñen a ela disposta a informarlos.

En canto ao control excesivo das asociacións que é inconstitucional, este artigo aparecen xa aprobado e está funcionando un Regulamento de Participación Ciudadá nun Concello gobernado polo PP, e aínda non foi declarado inconstitucional, e que en canto a que as comisións veciñais solapan as funcións das asociacións de veciños, todo individuo ten a liberdade de pertencer ou non a unha asociación de veciños, ou a calquera outra asociación, de non pertenecer a unha determinada asociación non terían dereito a estar representados, sí o estarían nas "comisións veciñais" porque a única condición para estar representado é ser veciño, poñendo de exemplo San Adriano, á asociación pertenecen a maioría dos veciños, pero hai uns poucos que non, estes quedarían fóra de este Regulamento, e en canto a substituir o termo "comisións", pregunta ¿Qué pasa con este termo? Igual lle recorda algúna organización que non é do seu agrado. E recordalle a definición da palabra Comisión: conxunto de persoas elixidas para realizar un determinado labor en representación dun colectivo", isto é exactamente o que pretenden.

* Despois dun acalorado debate, no que a Sra. Alcaldesa quere que conste en acta que nos catro anos que estivo na oposición nunca pasou tanta vergoña nun Pleno, pasouse a votación a aprobación do Regulamento de Participación Ciudadá.

O Pleno Municipal, por seis votos a favor dos membros do Grupo Municipal do PSOE e cinco en contra, dos membros do Grupo Popular e do BNG, ACORDA:

1º.- Aprobar o Regulamento de Participación Ciudadá que queda redactado como sigue:

"PREÁMBULO"

O dereito da persoa a intervir no proceso de toma de decisións no ámbito local, a participación ciudadá, constitúe parte inseparable da sociedade democrática.

A Constitución Española de 1978 dá carta de natureza á participación ciudadá.

O Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981 asígnalle aos poderes públicos galegos a responsabilidade de promover e facilitar a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social.

O artigo 24.1 da Lei de Bases de Réxime Local establece que para facilitar a participación cidadá na xestión dos asuntos locais e mellorar esta, os concellos poderán establecer órganos de xestión descentralizada, coa organización, funcións e competencias que cada concello lles confira, atendendo ás características do asentamento da poboación no termo municipal, sen prexuízo da unidade de goberno e xestión do municipio. O artigo 70 bis.1. da mesma Lei establece que os concellos deberán atender e regular en normas de carácter orgánico procedementos e órganos adecuados para a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida pública local.

O Concello de Lourenzá consciente da importancia de fomentar a participación e a descentralización, xunto coa eficacia, a información e a transparencia na xestión, pretende facer así do Concello un ente aberto e democrático no que a cidadanía sinta o deber cívico de cooperar coa institución municipal na mellora das súas condicións de vida e no progreso socioeconómico do seu territorio.

Por estes motivos, este Concello elaborou o presente texto, no que se conteñen as regras desa Participación.

TÍTULO PRELIMINAR

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.

Son obxecto deste documento a regulación das formas, medios e procedementos de información e participación da veciñanza e das asociacións cidadás na xestión municipal, de acordo co establecido na lexislación vixente.

Artigo 2.

O Concello, a través deste Regulamento, pretende acadar os obxectivos que se enumeran a continuación:

- Facilitar a máis ampla información sobre as súas actividades, obras e servizos.
- Facilitar e promover a participación dos veciños e veciñas e asociacións na xestión municipal con respecto ás facultades de decisión que corresponden aos órganos municipais representativos.
- Fomentar a vida associativa no ámbito territorial no noso concello.
- Achegar a xestión municipal aos veciños e veciñas.
- Garantir a solidariedade e o equilibrio entre as distintas parroquias e núcleos de poboación do termo municipal.
- Informar acerca dos grandes temas municipais como orzamento anual, plans urbanísticos, creación e modificación de ordenanzas fiscais, programas culturais, sociais, de saúde, ou outros que polo seu contido considere conveniente o Concello.

TÍTULO PRIMEIRO

DA INFORMACIÓN MUNICIPAL

Artigo 3.

O Concello informará á veciñanza da súa xestión a través dos medios de comunicación social, da páxina web municipal e mediante a publicación de bандos, carteis ou cantos outros medios se consideren necesarios.

Ao mesmo tempo poderá recoller a opinión da veciñanza e das asociacións a través de campañas de información, debates, asembleas, reunións, enquisas e sondaxes de opinión.

Artigo 4.

Nas dependencias da Casa do Concello funcionará unha oficina de información, así como un rexistro de instancias, iniciativas, queixas e reclamacións, coas seguintes funcións:

- Canalizar toda a actividade relacionada coa información á que se refire o artigo 3, así



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



como ao resto da información que o Concello proporcione.

- Informar sobre os fins, competencias e funcionamento dos distintos órganos e servizos dependentes do Concello; así como dos órganos e servizos da Administración Autonómica e da Deputación Provincial.
- Informar sobre os trámites administrativos polos que discorre cada expediente e realizar o oportuno seguimento deles.

Artigo 5.

Todos os cidadáns teñen dereito a:

- Coñecer en calquera momento, o estado de tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados e obter copias dos documentos contidos neles.
- Identificar ás autoridades e ao persoal ao servizo da corporación local que teñan baixo a súa responsabilidade a tramitación dos procedementos.
- Obter copia selada dos documentos que presentan, proporcionándoa xunto cos orixinais, así como a que estes sexan devoltos, agás cando teñan que constar no procedemento.
- Utilizar o idioma galego nas súas relacións co Concello de Lourenzá.
- Formular alegacións e proporcionar documentos en calquera fase do procedemento no que teñan a condición de interesados/as, anterior ao trámite de audiencia. Estas alegacións ou documentos deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.
- Obter información e orientación no tocante aos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes lles impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.
- Acceder aos rexistros e aos arquivos do Concello nos termos previstos pola lexislación vixente.
- Ser tratados/as con respecto e deferencia polas autoridades e persoal municipal, que lles facilitarán o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.
- Esixir responsabilidades á Corporación Local.
- Exercer a iniciativa popular presentando propostas de acordo, actuacións ou proxectos no ámbito das competencias municipais, debendo estar subscritas ao menos polo 20% dos habitantes do Concello de Lourenzá. En ningún caso podrá ser objeto de esta iniciativa las normas reguladoras de tributos o precios públicos.

Artigo 6.

a) As solicitudes que dirixan os veciños e veciñas a calquera órgano do Concello en pedimento de aclaracións ou actuacións municipais serán cursadas necesariamente por escrito e serán respondidas nos termos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo.

b) Cando a solicitude formule unha proposta de actuación municipal, o seu destinatario/a informará ao/á solicitante do trámite que se lle teña que dar. Se a proposta chega a tratarse nalgún órgano colexiado municipal, quen actúe de secretario/a deste enviará ao/á propoñente, no prazo máximo de 30 días, copia da parte correspondente da acta da sesión. Cando se trate de asuntos de competencia do Pleno, O/A Alcalde/sa poderá requerir a presenza do autor/a da proposta na sesión plenaria que corresponda, co fin de que a explique e defendaga por si mesmo/a.

Artigo 7.

As sesións do Pleno son públicas, agás nos casos previstos no artigo 70.1 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local e 253 da Lei de Administración Local de Galicia. Facilitarase a asistencia ou información da sesión, a través dos medios más axeitados para o caso.

Artigo 8.

Non son públicas as sesións da Xunta de Goberno.

Artigo 9.

1.-Cando algúns representantes das comisións veciñais ou das asociacións inscritas no Rexistro municipal desexen efectuar unha exposición perante o Pleno en relación con algún punto da orde do día, poderá expoñer o seu parecer durante o tempo que sinale o/a alcalde/sa despois de ser lida a proposta e con anterioridade ao debate e votación da citada proposta. Para os efectos anteriores a solicitude dirixida ao/a alcalde/sa deberá presentarse no Rexistro Municipal cando menos con dous días hábiles de antelación á celebración do Pleno se este é ordinario e, cun día de antelación se é extraordinario, debendo constar nela unha sucinta motivación do pedimento así como os datos da persoa que realizará a exposición. A exposición realizarase nunha única intervención, quedando garantido un tempo que non será inferior dos cinco minutos nin superior aos quince. En cada Pleno haberá un máximo de cinco intervencións.

2.- A Alcaldía poderá denegar a intervención , especialmente si é un asunto sobre o cal o Pleno non ten competencia ou se non figura na orde do día.

3.- Cando o Pleno do Concello tratara asuntos sobre os que se tivera articulado a iniciativa popular prevista no artigo 24 deste Regulamento, esta comportará automáticamente o dereito de intervención ante o Pleno do Concello na citada sesión plenaria .

Artigo 10.

1. As convocatorias e ordes do día das sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local, remitiranse, ademais de aos concelleiros, aos presidentes das comisións veciñais e faranse públicas tamén no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e demais disposicións vixentes, o Concello dará publicidade ás Actas das sesións plenarias e o resumen das da Xunta de Goberno, especialmente cando se trate de asuntos de competencia de Pleno delegados nela. Para este efecto utilizaranse os seguintes medios:

- Exposición no taboleiro de anuncios do Concello.
- Remisión para a súa consulta á Biblioteca Municipal.
- Inclusión das Actas na páxina web municipal.
- Envío aos Presidentes das comisións veciñais.

TÍTULO SEGUNDO

DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNES

Artigo 11.

1. De acordo cos seus recursos orzamentarios, o Concello subvencionará economicamente ás asociacións incluídas no Rexistro Municipal en función das actividades que realicen e do grao de interese e utilidade cidadá dos seus fins.

2. Para estes efectos, o orzamento municipal incluirá unha partida destinada a este fin.

Artigo 12.

1. As asociacións ás que se refire o artigo anterior poderá acceder ao uso dos medios públicos municipais, especialmente aos locais sociais, coa limitación que impón a coincidencia do uso por parte delas ou polo propio Concello, e serán responsables do trato dado ás instalacións.

2. O uso de medios públicos municipais deberá ser solicitado ao Concello por escrito e coa antelación que establezan os servizos correspondentes.

Artigo 13.

1. Os dereitos recoñecidos ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños/as só poderán ser exercidos por aquellas que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

2. Este Rexistro ten por obxecto permitir ao Concello coñecer o número de entidades



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



existentes no Municipio, os seus fins e a súa representatividade, para posibilitar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo veciñal.

3. Poderán solicitar e obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións todas aquelas entidades legalmente constituídas, de funcionamento democrático e sen ánimo de lucro de carácter social, deportivo, veciñal, da muller, xuventude, etc., con domicilio social dentro do municipio de Lourenzá e que desenvolvan as actividades neste ámbito xeográfico.

Artigo 14.

1. A solicitude de inscrición presentarase nas oficinas do Concello.

2. O Rexistro levarase na Secretaría da Corporación e os seus datos serán públicos. As inscricóns serán realizadas polas asociacións interesadas, que terán que presentar os seguintes datos:

- Estatutos da asociación.
- Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e outros rexistros públicos.
- Código de Identificación Fiscal (CIF).
- Nome e apelidos das persoas que ocupen cargos directivos.
- Enderezo social.
- Orzamento do ano en curso.
- Memoria das actividades realizadas no ano anterior.
- Certificación do número de socios.

Artigo 15.

1. No prazo de quince días desde a solicitude de inscrición, e agás que se teña que incluír nova documentación, o Concello notificará á asociación o seu número de inscrición e, a partir deste momento, considérase de alta para todos os efectos.

2. As asociacións inscritas están obrigadas a manter os seus datos ao día, notificando cantas modificacións se produzan no prazo máximo dun mes.

3. Igualmente deberán presentar durante o primeir trimestre de cada ano, unha memoria descriptiva-económica das actividades e dos actos realizados no transcurso do año anterior, o número de asociados e os orzamentos para o ano en curso.

4. O incumprimento destas obrigas dará lugar a que o Concello poida dar de baixa, de oficio, á asociación no Rexistro.

5. Tamén poderán ser dadas de baixa do Rexistro as asociacións que durante un ano non teñan ningunha actividade.

TÍTULO TERCEIRO

CAPÍTULO 1: DAS COMISIÓNNS VECIÑAIS

Artigo 16.

As comisións veciñais son órganos desconcentrados de participación, consulta, información, control e propostas da xestión municipal, carentes de personalidade xurídica propia, que permiten e impulsan a nivel parroquial ou de outras entidades menores de poboación a participación dos veciños e veciñas do municipio.

Constituirase unha comisión veciñal en cada unha das parroquias e naqueles entes menores de poboación que decida o Concello.

Artigo 17.

Cada comisión veciñal estará composta por:

- Presidente.
- Vicepresidente, que actuará de secretario
- Vocais: un mínimo de un e un máximo de tres.

Artigo 18.

A comisión veciñal é o representante da parroquia ou da entidade menor de poboación.

Os membros das comisións veciñais serán nomeados polo alcalde(sa) a proposta da

asamblea veciñal.

As comisións veciñais renovaranse cada catro anos, coincidiendo con el mandato corporativo.

Artigo 19.

As competencias das comisións veciñais son as seguintes:

a) Fomentar a participación directa e descentralizada dos veciños e veciñas en actividades propias e/ou do Concello.

b) Solicitar e transmitir propostas dos veciños e veciñas relativas ao funcionamento dos servizos e actuacións municipais.

c) Elevar anualmente ao Concello un estado de necesidades da parroquia ou da súa entidade de poboación, con indicación e selección de prioridades, para a súa inclusión nos plans de actuación municipal e nos orzamentos do Concello.

d) Propor ao Pleno de Corporación a inclusión de asuntos na orde do día e, no seu caso, intervir nestes, nos termos e condicións establecidos por este regulamento.

e) Facilitar a maior información e publicidade aos veciños e veciñas, sobre as actividades e acordos municipais, que teñan incidencia especial sobre a parroquia ou entidade de poboación.

f) Colaborar co Concello na solución dos problemas da parroquia e axudar na aplicación de políticas que preveñan actuacións de risco, conflitos veciñais e causas de inseguridade e exclusión social.

g) Obter información, previa petición, dos temas de interese para a parroquia ou a entidade de poboación.

h) Realizar propostas para o mellor funcionamento dos servizos municipais.

Artigo 20.

As comisións veciñais reuniranse en sesión ordinaria unha vez cada seis meses, ou cando o estimen necesario para o cumprimento dos seus obxectivos e extraordinariamente cando o soliciten o/a alcalde/sa ou o/a concelleiro/a delegado/a.

Correspondelle ao Presidente da comisión veciñal co apoio do Vicepresidente a convocatoria e a elaboración da orde do día das sesións, das que se levantará acta.

Con carácter anual, e previamente á aprobación dos presupostos do Concello, a Alcaldía convocará a todos/as os/as Presidentes/as, ou membro de comisión no que deleguen, a unha sesión conjunta para informar e analizar a xestión municipal, o desenvolvemento dos plans de acción municipal e, no seu caso, a desgregación territorial dos presupostos do Concello.

CAPÍTULO 2: DAS ASEMBLEAS VECIÑAIS.

Artigo 21.

A asamblea veciñal estará constituída por todos os veciños e veciñas da parroquia ou da entidade de poboación, maiores de 18 anos, incluídos no censo electoral.

Artigo 22.

Son competencias da asamblea veciñal:

a) A elección e proposta á Alcaldía do nomeamento da comisión veciñal.

b) O debate e análise dos asuntos de interese da parroquia ou entidade de poboación, así como a formulación de propostas de actuación dirixidas á comisión veciñal ou aos órganos municipais.

c) Aprobar con carácter previo e por maioría simple, as propostas de actuación que a comisión traslade ao Concello para a súa execución e/ou inclusión nos plans municipais.

Artigo 23.

A asamblea veciñal reunirse ordinariamente como mínimo unha vez ao ano e, extraordinariamente, cando así o demande o/a alcalde/sa, ou a proposta da comisión veciñal, ou a iniciativa dos veciños que reúnan o 20% das sinaturas acreditadas do padrón



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



parroquial ou da entidade menor de poboación, no seu caso.

A proposta de nomeamento da comisión veciñal farase nunha asemblea veciñal reunida para tal efecto, con esa única orde do día, por maioría dos asistentes.

A asemblea veciñal estará presidida pola comisión veciñal.

TÍTULO CUARTO

DA INICIATIVA CIDADÁ

Artigo 24.

1. Calquera persoa con dereito a voto, ben no seu propio nome ou mediante entidades ou asociacións, poderá propoñer unha iniciativa que deberá estar subscrita ao menos polo 20% dos habitantes do Concello de Lourenzá.

2. A través da iniciativa cidadá, os veciños e veciñas poderán recadar do Concello a execución dunha determinada actividade de competencia e interese público municipal.

3. Así mesmo a través de iniciativa cidadá poderanse presentar propostas de acordo, actuacións ou proxectos no ámbito das competencias municipais.

4. Tales iniciativas deberán ser sometidas a debate e votación no Pleno, sen prexuízo de que sexan resoltas polo órgano competente por razón da materia. No seu caso, requerirase o previo informe do/a Secretario/a do Concello, así como o informe do/a Interventor/a cando a iniciativa afecte dereitos e obrigas de contido económico do Concello.

Artigo 25.

Na redacción dos seus orzamentos anuais, o Concello terá en conta as iniciativas cidadás aprobadas, para poder levalas a efecto.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

PRIMEIRA

No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste Regulamento constituiranse as comisións veciñais.

O Concello impulsará o proceso para a constitución inicial das comisións veciñais. A elección dos primeiros membros das comisións veciñais realizarase nunha asemblea veciñal reunida a tal efecto e con ese único punto na orde do día.

A asemblea convocarase fóra do horario laboral.

Ao inicio da asemblea presentaranse os candidatos/as a formar parte de comisión veciñal. Esta primeira asemblea estará presidida polo alcalde/sa ou polo concelleiro/a delegado/a, que será o/a encargado/a de levantar acta, que será lida ao remate da asemblea e asinada por un mínimo de cinco veciños/as.

SEGUNDA

Elixiranse comisións veciñais nas parroquias do Concello e ademais nas entidades menores de poboación que determine o Concello.

DISPOSICIÓN FINAL

Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e tramitarase de acordo co procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Régime Local."

SEGUNDO.- Expoñelo ao público por prazo de trinta días hábiles considerando que queda aprobado definitivamente no caso de que non se presentasen reclamacións ó mesmo de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora do Régime Local e no artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Régime Local

**4º.- PROPOSTA DA ALCALDIA SOBRE MODIFICACION DA ORDENANZA
REGULADORA DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DA ÁREA
DE REHABILITACIÓN INTEGRAL.**

Neste punto da Orde do día deuse lectura á proposta da Alcaldía, sendo o seu contido literal o que segue:

"**Dª ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZA,**

EXPÓN: Que ante a necesidade da modificación da ORDENANZA REGULADORA DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL deste Concello, debido a derogación do R.D. 2066/2008 e do D. 402/2009, entrada en vigor da seguinte normativa:

a) O Real decreto 233/2013, de 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

b) O Decreto 18/2014, de 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenrollo do Plan estatal 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) A Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

d) A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

e) A Ley 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

f) O convenio de colaboración asinado o 5 de setembro de 2014 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

g) Orde de 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras dos Programas de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

E a actuación das ARI como entes xestores, polo que non se permite a redacción dos proxectos dende as oficinas, tal e como se contemplaba na anterior ordenanza, é polo que esta Alcaldía,

PROPÓN ó Pleno da Corporación que adopte o acordo de modificación da ORDENANZA REGULADORA DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL para adaptala á normativa antecitada."

Toma a palabra a Sra. Alcaldesa explicando o motivo da modificación de dita ordenanza.

A continuación a Sra. Alvarez Chao da lectura a enmenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular que literalmente se transcribe:

"No pleno municipal de data 16 de abril de 2015, solicítase a incorporación ao Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal 2013-2016 no que se amplía o ámbito de actuación da área de rehabilitación integral existente.



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



